

REGULAMENTO TRIRAIDS ADVENTURE ADDICTS BUFF

1. DESCRIPCIÓN XERAL

1.1 Trátase dunha proba combinada de diferentes actividades de aventura realizada por equipos de dous corredores sin asistencia. Os corredores terán que realizar os Puntos de Control (balizas) que consideren oportunos según a súa condición.

Levarase a cabo un deseño (percorrido) a determinar que será secreto ata o día da proba e no que se progresará mediante: btt, carreira a pé, actividades de cordas, kayak e probas especiais, todo no marco da orientación. A duración total e de cada sección dependerá de cada proba e sera fixa.

1.2 A proba farase en base a este regulamento e según as normas que fan referencia á protección do entorno e do medio natural. O feito de formalizar a inscrición compromete ós equipos a aceptar este regulamento.

2. CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN

2.A proba esta aberta a calquer persoa maior de 18 anos ou menores facendo equipo cun adulto o cal é responsable do menor. En caso de ser menor de idade se necesitará una autorización signada polos pais ou titores legais.

2.2 É necesario ter un mínimo coñecemento das probas e condicións físicas para afrontarlas, baixo a propia responsabilidade dos participantes. Polo tanto, calquer corredor compite baixo a súa propia responsabilidade, á vez que exime totalmente á organización de calquer negligencia ou accidente causado por non seguir as indicacións dos organizadores. Sobre o propio corredor recae a decisión final da saída ou realización e/ou abandono das probas.

2.3 Dereitos de imaxen: polo simple feito de participar, os equipos aceptan que a súa imaxen sexa utilizada pola organización, colaboradores e espónsores.

3. TRÁMITES PREVIOS E INSCRIPCIÓN S

3.1 O precio da inscrición ó Triraid será o establecido pola organización.

3.2 A inscrición terásese que facer efectiva no prazo indicado mediante o ingreso nunha conta facilitada o nome do Club organizador e enviar o xustificante de ingreso xunto cos datos ou formulario que se solicite o correo electrónico adventureaddictsbuff@gmail.com.

3.3 A inscrición considerarase completa unha vez chegue á organización todos os datos e tramites solicitados no prazo establecido.

3.4. Si un equipo, xa inscrito, o final non participa, non se lle devolverá o importe da inscrición.

3.5 A organización reservase o dereito de limitar o número de equipos. A admisión será por riguroso orden de inscrición.

3.6 A organización reservase o dereito de admisión, tanto de equipos como de persoas individualmente.

3.7. É necesario ter licenza federativa ou pagar a cuota establecida para a licenza dunha Proba.

4. DESCARGA DE RESPONSABILIDADES

4.1 A organización no se fará responsable de ningún dano ou perjuicio que poida producirse no material dos participantes.

4.2 Os equipos e participantes eximen á organización, a seus espónsors, colaboradores, axentes, voluntarios e empregados das reclamacións ou demandas resultantes, dos danos que poidan suceder aos equipos ou participantes, os seus materiais, incluíndo a perda, extravío ou robo.

4.3 Os equipos e participantes terán que firmar os documentos que a organización requira para evidenciar máis claramente calquera apartado do regulamento.

4.4 Polo feito de participar aceptase o presente regulamento. Todos aqueles aspectos que sexan de interpretación ambigua, quedarán sometidos á decisión da organización e esta será inapelable.

5. CONDICIÓS XERAIS

5.1 Equipos

5.1.1 Os equipos estarán formados por 2 corredores masculinos, femeninos, mixtos ou dun adulto (masculino ou feminino) cun menor autorizado.

- En todo momento estarán os dous corredores competindo.
- Os dous corredores deberán saír, progresar durante a proba e chegar sempre xuntos. O tempo de chegada será contabilizado no momento que estén presentes os dous membros de cada equipo.
- Control de Paso (CP): no se dará por válido se non están presentes os dous corredores de cada equipo.
- Control Cambio: non se dará por válido se no están presentes os dous compoñentes de cada equipo.

5.1.2 Calquer equipo no que se retire un compoñente, voluntariamente ou por lesión, terá que abandonar.

6. MATERIAL

6.1 O material necesario (obrigatorio e recomendado), será o publicado para cada proba pola organización.

6.2 A organización poderá penalizar ou non deixar participar ó equipo que non teña o material obrigatorio necesario para realizar a proba.

7. MATERIAL PROHIBIDO

7.1 Equipos de comunicación (walkie talkie).

7.2 Sistemas electrónicos de navegación (GPS).

8. SERVICIOS FACILITADOS POLA ORGANIZACIÓN

8.1 Dentro da cuota de inscrición están incluídos os seguintes servizos:

- Os dereitos de inscrición dos corredores.
- Seguro de corredor (licenza da Federación).
- A seguridade e loxística da proba.
- Mapas, tarxetas de control e libro de ruta.
- Premios e sorteos.
- Asistencia de primeiros auxilios.
- Asesoramiento técnico en cada unha das probas.
- Seguro de R.C.

9. COMPETICIÓN

9.1 Aspectos xerais.

- As cuestións ou preguntas sobre o desenvolvemento da proba faranse antes do comezo da mesma á organización.
- Non se admitirán reclamacións por descoñecemento nin por desinformación.

9.2 Saída.

- Todos os equipos terán que estar no punto de saída á hora establecida pola organización. O briefing realizarase antes da saída.
- Non se dará a saída a ningún equipo que non leve o material obrigatorio.
- A saída realizarase en masa.

9.3 Controles de probas.

- Son os responsables de verificar o desenvolvemento correcto de cada proba e polo tanto rexistraran as bonificacións e/ou penalizacións obtidas.

9.4 Control de paso.

- Son puntos de paso obrigatorio e serán xeralmente puntos significativos indicados nos mapas e nas descrições de control.
- Cada control de paso terá un valor en puntos que dependerá da dificultade e de si ten Engadina ou non unha proba especial.
- Os equipos poderán decidir que controles de paso visitar ou non e o orde en que facelos en cada sección.
- Os puntos de control poden ser unha baliza unha persoa ou un detalle.
- Os equipos son responsables de marcar a tarxeta de control ou de anotar o detalle indicado nos controles de paso.
- A perda da tarxeta de control terá consideración de sección non realizada. Excepto que a organización comprobe dalguna maneira o feito polo equipo, quedando dita comprobación baixo o criterio da organización.

9.5 Control de cambio.

- Durante o percorrido haberá controles de cambio donde se realizarán as transicións entre seccións. A organización estará presente para recoller e facilitar os diferentes materiais necesarios para hacer las siguientes probas.
- O tempo de corte de cada sección será o establecido en cada proba pola organización.
- Existirán horarios de corte de seccións.
- Un equipo pode decidir de forma voluntaria non realizar unha sección avisando de dita decisión á organización

9.6 Cronometraxe.

- O tempo contabilizarase en horas-minutos-segundos dende o momento da saída ata momento da chegada.
- O tempo será pola organización.

9.7 Clasificación.

- Gañará a proba o equipo que teña máis puntos sumados os valores dos controles de paso visitados e probas especiais realizadas, sumadas as bonificacións e restadas ás penalizacións.
- Establecerase unha única clasificación.
- Os equipos femeninos, mixtos ou que teñan un compoñente menor de idade poderán ter bonificacións. Estas estarán establecidas e notificadas pola organización para cada proba.

9.8 Abandonos.

- Si un participante abandona a competición, debe facelo nun control de cambio. No caso de forza mayor (lesión) que lle impida chegar o control, deberá avisar á organización coa maior brevedad posible.
- O abandono dun corredor deberá ser notificado á organización o máis rápido posible.

9.9 Material.

- O material obligatorio que deben levar os corredores durante a realización da proba poderá ser comprobado pola organización en calquer momento. O incumprimento desta norma será motivo de penalización (10 puntos por peza).

10. RETIRADAS, PENALIZACIÓNS E DESCALIFICACIÓNS.

10.1 A organización reservase o dereito de no deixar sair a un equipo que teña algun dos seus compoñentes con síntomas claros de agotamento, enfermidade ou lesión.

10.2 Os equipos poden ser descalificados polas seguintes razóns:

- Deixar basura fóra dos lugares adecuados.
- Non respetar as instrucións de seguridade.
- Non axudar a outro equipo que se encontre con dificultades e que supoña un risco para a súa integridade física.
- Que os corredores realicen os sectores de forma separada, excepto en aqueles en que así o prevea a organización.
- Calquier equipo que mostre unha conducta despectiva hacia os outros participantes e/ou cualquier membro da organización.
- Manipular os dorsais e/ou non levalos visibles en todo momento.
- Manipular balizas ou sinalizacións deixadas pola organización.

10.3 Os equipos serán penalizados co que decida a organización nos seguintes casos:

- Non marcar un punto de control do percorrido.
- Pérdida da tarxeta de control.
- Non realizar unha sección por non chegar o tempo de corte ou por renuncia expresa do equipo.

11. INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO E RECLAMACIÓNS.

11.1 A organización é responsable da interpretación das normas d presente regulamento e asegurar seu cumprimento, podendo aplicar as sancións que correspondan.

11.2 Un equipo pode reclamar calquer irregularidade que crea contraria as pautas deste regulamento. Para lexitimar as reclamacións consideralas como tales, por calquer infracción, deberase cumprimentar unha folla de reclamación, durante o transcurso dos 30' posteriores á finalización da proba, achegando un depósito de 20 euros. Si a organización acepta a reclamación tomaranse as medidas oportunas, ademáis de devolver a cantidade depositada.

11.3 O incumprimento das normas do presente regulamento poderá implicar todo tipo de accións disciplinarias, desde a penalización ata, incluso, a expulsión do equipo implicado.

11.4 O presente regulamento poderá ser ampliado ou variado pola organización durante o transcurso da proba, e notificarase dito cambio aos capitanes de equipo.

12. PROBAS ESPECIAIS.

A forma de puntuar as probas especiais, estará especificada para cada proba e darase coa información da mesma aos participantes.

13. REUNIÓN E VERIFICACIÓN DE MATERIAL.

Na zona de saída.

Toda a documentación da proba excepto darase con antelación á saída.

14. HORARIOS

A proba desenvolverase cos horarios establecidos pola organización.